

RIBEIRANA DO CABALO, PAZOS DE BORBÉN.

ESTE PANDEIRO QUE TOCA
É DE PELICO D'OVELLA
INDA iONTE COMEU HERBA
iHOXE TOCA QUE RABEA
IAI A LA, LALALA LALA
IAI A LALA, LALA LALA LA

*EU HEI D'IR ALÁ QUE QUEIRAS QUE NON,
OU POLA VENTÁ, OU POLO BALCÓN,
OU POLO BALCÓN, OU POLO BALCÓN,
EU HEI D'IR ALÁ, QUE QUEIRAS QUE NON*

ESTA NOITE HAI O SERÁN
NON ME DEIXAN IR A iEL
COITADO DO MEU AMOR
QUEN HA DE BAILAR CON EL
IAI A LA, LALALA LALA
IAI A LA, LALA LALA LA

RETROUSO...

ESTA NOITE E MAILA iOUTRA
E MAILA iOUTRA PASADA
MIÑA PEREIRIÑA NOVA
QUE NUNCA FOI ABALADA
IAI A LA LALALA LALA
IAI A LA, LALA LALA LA

RETROUSO...

EU QUERÍA CANTAR BENHE
E A GHARGANTA NON ME AXUDA
HEINA DE MANDAR UNTARE
CUNHA LARANXA MADURA
IAI A LA, LALALA LALA
IAI A LA, LALA LALA LA

RETROUSO...